

## **Primeira reuniom do grupo promotor da Iniciativa pola Soberania / Galiza pola Soberania**

No dia 4 de maio de 2013, un grupo de persoas, galegas e galegos sensibilizados pola difícil situación que o noso país atravesamos, reunimo-nos en Compostela para convocar a sociedade galega à defensa da capacidade de decidir por parte da nosa nação, mediante o exercicio da nosa soberania.

Vivemos momentos excepcionais, de autêntica emergência nacional. A actual crise económica e social agrava e torna máis dramaticamente visíbeis as consecuencias da dependencia à qual a nosa nação se ve submetida, particularmente as políticas de desmantelamento dos nosos sectores produtivos nas últimas décadas.

Neste contexto, julgamos necesario reagir como País, dotando-nos dos instrumentos que nos permitam decidir libremente sobre o noso futuro, sobre a gestom dos nosos recursos, sobre o noso sistema financeiro, sobre a nosa economía, sobre a nosa língua... que nos permita construír unha sociedade nova, baseada na justiça e na igualdade, non patriarcal, respeitosa com o medio e que garanta o dereito ao traballo, à educación, à sanidade, à vivenda, à cultura, ao ben-estar públicos. Para isto, precisamos de soberania, precisamos de un Estado propio.

O sistema político español, cruel e corrupto, ao servizo de intereses antagónicos com os do noso país, lesivos para a maioría social, está en grave crise. Apesar diso, pretende unha re-centralización política e protagoniza unha sistemática campaña de espanholización, de asimilação cultural e lingüística, evidenciando a súa incapacidade para admitir a existencia de nações com línguas, culturas e intereses propios.

O noso país non pode ficar à margem do debate aberto non só no Estado español, mas também noutras áreas da Europa Occidental, sobre o dereito e o exercicio da soberania por parte das nações sem Estado.

A iniciativa lançada ontem em Compostela pretende desenvolver un intenso traballo social para colocar no seio da sociedade galega o debate sobre a necesidade de exercermos a soberania. Para isto, iniciamos un proceso constituinte que, a partir do grupo inicial, incorpore durante as próximas semanas máis persoas representativas de toda a pluralidade dos movementos sociais, sindicais, culturais e políticos, unidas pola vontade de sermos e atuarmos como nação libre.

Gestora da Iniciativa pola Soberania / Galiza pola Soberanía  
Compostela, 5 de maio de 2013

## **Primeira reunión do grupo promotor da Iniciativa pola Soberania / Galiza pola Soberania**

No dia 4 de maio de 2013, un grupo de persoas, galegas e galegos sensibilizados pola difícil situación que o noso país atravesamos, reunímonos en Compostela para convocar a sociedade galega à defensa da capacidade de decidir por parte da nosa nación, mediante o exercicio da nosa soberanía.

Vivimos momentos excepcionais, de autêntica emerxencia nacional. A actual crise económica e social agrava e torna máis dramaticamente visíbeis as consecuencias da dependencia à qual a nosa nación se ve sometida, particularmente as políticas de desmantelamento dos nosos sectores produtivos nas últimas décadas.

Neste contexto, xulgamos necesario reaxir como País, dotándonos dos instrumentos que nos permitan decidir libremente sobre o noso futuro, sobre a xestión dos nosos recursos, sobre o noso sistema financeiro, sobre a nosa economía, sobre a nosa lingua... que nos permita construír unha sociedade nova, baseada na xustiza e na igualdade, non patriarcal, respectuosa co medio e que garanta o dereito ao traballo, á educación, á sanidade, á vivenda, á cultura, ao benestar públicos. Para iso, precisamos de soberanía, precisamos dun Estado propio.

O sistema político español, cruel e corrupto, ao servizo de intereses antagónicos cos do noso país, lesivos para a maioría social, está en grave crise. A pesar diso, pretende unha re-centralización política e protagoniza unha sistemática campaña de españolización, de asimilación cultural e lingüística, evidenciando a súa incapacidade para admitir a existencia de nacións con linguas, culturas e intereses propios.

O noso país non pode ficar á marxe do debate aberto non só no Estado español, mais tamén noutras áreas da Europa Occidental, sobre o dereito e o exercicio da soberanía por parte das nacións sen Estado.

A iniciativa lanzada onte en Compostela pretende desenvolver un intenso traballo social para colocar no seio da sociedade galega o debate sobre a necesidade de exercermos a soberanía. Para iso, iniciamos un proceso constituínte que, a partir do grupo inicial, incorpore durante as próximas semanas máis persoas representativas de toda a pluralidade dos movementos sociais, sindicais, culturais e políticos, unidas pola vontade de sermos e actuarmos como nación libre.

Xestora da Iniciativa pola Soberanía / Galiza pola Soberanía  
Compostela, 5 de maio de 2013